

## Anexo III — Elaboración e estrutura da documentación do TFG / TFM

- A memoria do TFG / TFM elaborárase como un documento dixital en formato pdf.
- A documentación do TFG/TFM pode ser escrita en galego, castelán ou inglés.
- Debe obrigatoriamente levar unha portada segundo modelo oficial, cos datos de identificación do traballo.
- As páxinas deben estar numeradas ao pé de páxina.
- Recoméndase, pero non é obrigatorio, que a memoria inclúa os seguintes apartados.
  1. **Introdución.** Neste apartado incluírase unha introdución ao problema xustificando o traballo realizado. En caso que o TFG ou TFM integre ou desenvolva traballos feitos na actividade doutras materias da titulación, o estudante deberá especificar os devanditos traballos e materias nesta sección.
  2. **Obxectivos.** Consistirán na presentación do problema que se vai tratar, incluíndo o obxectivo principal e os específicos, de ser o caso, do traballo presentado, indicando tamén o alcance de cada un deles.
  3. **Marco teórico ou práctico.** Detallaranse as ferramentas empregadas, tanto a nivel teórico coma práctico, nas que se sustentará o traballo.
  4. **Explicación do traballo desenvolto.** Detallaranse os deseños, desenvolvementos, implementacións ou tests realizados para tratar a problemática.
  5. **Conclusións.** Detallaranse a nivel técnico os fitos mais importantes a destacar do traballo realizado.
  6. **Referencias.** Deberanse citar todas as fontes de información empregadas para a realización do traballo. O estilo debe ser uniforme para todo o texto e recoméndase incluír:
    - a) Autores.
    - b) Título do artigo ou libro.
    - c) Editorial ou nome da revista.
    - d) Número de revista, volume e páxinas (só para revistas).
    - e) Ano de publicación.
    - f) Dirección e data de consulta (só para URL).
  7. **Anexos.** Aquí incluíranse os elementos que se consideren necesarios para unha mellor comprensión do TFG ou TFM, como por exemplo planos en formato normalizado, scripts con código fonte de algoritmos desenvolvidos, follas de especificacións, etc.
- A documentación terá unha extensión máxima recomendada de 50 páxinas, resultando importante e un aspecto a valorar na cualificación a capacidade de síntese do traballo realizado.